

ESMU MUNICIPAL DE ORTIGUEIRA
Rede de ESMU DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DE

PIANO



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL

Centro: 15032133 | ESMU Municipal de Ortigueira



Escola de Música Concello de
Ortigueira

Profesor: Alejandro Vázquez García

Instrumentos: Piano

Programación Didáctica departamento PIANO

ÍNDICE:

1. INTRODUCCIÓN.
2. METODOLOGÍA.
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
4. TEMAS TRANSVERSAIS.
5. CONTIDOS POR NIVEIS.
6. AVALIACIÓN.
7. CONXUNTOS.
8. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS.

1.- INTRODUCCIÓN

A ensinanza do piano na escola de música terá como obxectivo contribuir a desenrolar no alumnado as capacidades seguintes:

- Desenrolar a relaxación corporal, o control muscular e o control das articulacións do corpo.
- Coñecer as posibilidades do corpo como medio indispensable para a práctica instrumental do piano.
- Coñecer as características principais do instrumento e as súas posibilidades sonoras para utilizala, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como colectiva.
- Desenrolar unha capacidade auditiva co fin de valorar a esixencia da calidade sonora.
- Coñecer as diferentes técnicas pianísticas.
- Desenrolar a lectura a primeira vista axeitadas as dificultades do nivel.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musical coa práctica do instrumento na resolución das dificultades técnicas propias dos obxectivos e contidos do nivel.
- Interpretar obras de repertorio de diferentes estilos, axeitados as esixencias do nivel.
- Practicar a improvisación como medio de expresión habitual do pianista.

2.- METODOLOXÍA

A base metodolóxica dos ensinos artísticos instrumentais, é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc.

Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función da individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial de cada alumno no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

O profesor ten que implicarse en todo o proceso de ensinanza, animando e dinamizando coa súa participación e actitude todo o que se vai a realizar, debendo crear as condicións adecuadas de confianza e liberdade para que os alumnos se poidan expresar correctamente.

O profesor de piano utilizará unha metodoloxía mezcla de distintos principios metodolóxicos e diferentes estratexias de ensinanza, segundo as necesidades de cada situación.

Enfoque Metodolóxico

- Debemos de ter en conta tres conxuntos diferenciados de alumnado, os que teñen coñecementos musicais previos ao acceso a escola, os que non, xunto cos adultos.
- Tamén atenderemos á etapa mental de maduración de cada un deles. Partindo así das súas necesidades e capacidades organizaremos todo o proceso de ensino-aprendizaxe adaptando os contidos a cada caso individual para así alcanzar con éxito os obxectivos fixados nesta programación.
- Favoreceremos dentro do posible a motivación do alumno xa que se considera un pilar fundamental na implicación deste no proceso de aprendizaxe. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe.
- Animaremos aos alumnos a que, co fin de que adquiran unha cultura musical básica, asistan a actividades programadas para eles, como por exemplo cursos de interpretación, improvisación, etc. así como a concertos e audicións.
- Fomentaremos a súa curiosidade en materia pianística. Dado que non é posible abordar no centro todo o referente a ela, é o noso deber mostrarlles os lugares onde poden pescudar e aprender algo máis (páxinas web, libros, gravacións...).
- Podemos completar a formación do alumno mediante a audición comparada de distintas versións ou interpretacións dunha mesma obra. Con isto, desenvolveremos o sentido musical, formal e estilístico dos alumnos, ademais da súa capacidade crítica, auditiva, etc.
- Trataremos de desenvolver a progresiva autonomía dos alumnos, de forma que non dependan absolutamente do profesor, senón que progresivamente vaian desenvolvendo o hábito de estudo dunha forma regular, con concentración e aproveitamento do tempo dedicado a cada dificultade.
- Motivación: Hai que conseguir que o alumno estea continuamente motivado. Para iso o profesor ten que fomentarlle a ilusión polo instrumento.
- Variedade: Propoñerlle estudos e obras de diferentes estilos. Facer da técnica algo divertido e non un traballo monótono, propoñendo o profesor, formas de estudos diferentes e permitindo que o alumno cree as súas.
- Socialización: A comunicación será fomentada como medio de relación entre os diferentes alumnos. Ir á escola de música a estudar música é momento tamén para compartir cos compañeiros as experiencias musicais.
- Aprendizaxe polo descubrimento: Insistirase no método indutivo da investigación persoal como medio e método de aprendizaxe.
- Exercitación: Non debe implicar repetición rutinaria aburrida. Pódese y débese exercitar as mesmas destrezas por medio de actividades diferentes.
- Mediación do profesor: O profesor explicará e demostrará as súas experiencias e coñecemento para levar a cabo os obxectivos propostos.
- Intercambio: Entre o profesor e o alumno dos conceptos aprendidos, axudando a resolver posibles dúbidas ou dificultades que teña o alumno.
- Imitación: O profesor interpretará o estudio, a obra ou ben a técnica, co fin de que ol alumno visualice a execución.

3.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

O alumnado da escola habitualmente está dentro dun nivel grande de capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar na escola son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos.

Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

- Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
- Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

4.- TEMAS TRANSVERSAIS.

Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto.

Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Actividades culturais e de promoción.

Cada profesor programará unha audición de alumnos en cada trimestre. A asistencia a estas audicións sería recomendable para todos os alumnos

matriculados na especialidade. Ao longo do curso, poderanse programar clases abertas, audicións de clase e audicións colectivas, si os criterios pedagóxicos do departamento estímano oportuno.

5.- CONTIDOS POR CURSO

FORMACIÓN BÁSICA 1 (BA1)

Obxetivos

- Desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Desenvolver a capacidade creativa do alumno.
- Iniciar ao alumno na comprensión da estrutura formal.
- Potenciar a sensibilidade musical e estética do alumno para interpretar e gozar da música, enriquecer as súas posibilidades de comunicación e realizarse nela.
- Adoptar unha posición adecuada do corpo con respecto ao instrumento, que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-mano sobre o teclado.
- Asociar a calidade interpretativa á correcta colocación, tratando de que o alumno sexa consciente das súas propias tensións
- Iniciar no coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas dentro das esixencias do nivel.
- Iniciar a consecución dunha relaxación adecuada en cada unha das articulacións que utiliza.
- Iniciar a práctica en casa de forma regular.

Contidos

- Técnicas de estudo: disciplina, concentración e autocrítica.
- Posición do corpo e da man.
- Descubrimento da percepción interna da tensión- relajación.
- Desenvolvemento da independencia de cada man e coordinación de movementos. Iniciación á técnica dixital encamiñada á adquisición de independencia. Principios básicos da digitación pianística: notas correlativas, notas alternas, paso do polgar.
- Coñecemento do pedal de prolongación.
- Desprazamentos: cambios de tesitura, cruces de mans.
- Traballo consciente da memoria.
- Lectura a 1ª vista nas dúas claves, cunha soa línea melódica, no ámbito da posición fixa, en compases de subdivisión binaria, con valores de brancas e negras e na tonalidade de do maior.
- Escalas maiores repartidas en ambalans mans.
- Improvisación rítmica: sen pautas ou axustándose aos ritmos traballados en linguaxe musical, con ostinatos no seu propio corpo, no instrumento, ou con recursos característicos da música contemporánea.

- Concepto pregunta - resposta.
- Contrastes de altura, intensidade e ritmo.
- Familias de instrumentos.
- Técnica de notas tidas.
- Articulacións: legato e picado.
- Ligaduras de prolongación e de fraseo.
- Traballo de notas dobres como acordes independentes.
- Acordes soltos ata a distancia de 6a.
- Escalas maiores con mans xuntas e por movemento contrario.
- Escalas maiores en extensión dunha oitava con mans separadas.
- Lectura a 1a vista: ampliando os valores ata a corchea, coas dinámicas P,mp, mf, F, coas articulacións legato e picado, e con armadura dunha alteración.
- Improvisación melódica: libre ou dirixida.
- Lectura a 1a vista de líneas melódicas acompañadas de notas tidas ou de ostinatos, alternando estes procedementos en ambas as mans, interpretando as indicacións de dinámica e de fraseo.

Aspectos musicais

- Forma canon.
- O fraseo e as ligaduras de fraseo. Estructuras imitativas.
- O pulso.
- Signos de repetición. Diferenciación entre forte e piano. Forma pregunta-resposta. Ligaduras de expresión.
- O picado.
- O pedal dereito como recurso de prolongación.
- A forma musical: forma canción, imitación. Formas A - A' e A - B.
- Manexo práctico dos graos tonales (V e I).
- Pequenas fórmulas de acompañamento.
- Matices de movemento: rall, rit, a tempo.
- Diferenciación auditiva entre o modo maior e o menor.

Repertorio de referencia.

- Método de Tchokov- Gemiu de "Iniciación", "Preparatorio"
- Nikolaev, A.: "Escola rusa de piano"
- Emonts, Fritz. Método de piano europeo.
- Bastien, James.: Métodos de piano.
- Czerny, Carl: Op. 599 e Op. 777.
- Bach J.S.: "Álbun de Ana Magdalena".
- Mozart W.A.: "Pezas infantís".
- Kabalevsky, Dmitri: Pezas Op. 39
- Bartók, Béa: "Mikrokosmos", vol. I
- Ten Easy Piano Pieces.

- First Term at the Piano (18 small piano pieces)
- Thompson, John: "Modern Course for the Piano"
- Zipilivan, Alicia: De Bach a Stravinsky (1-10)

Recursos e materiais didácticos

- Lecturas infantís.
- Contos infantís.
- Gravacións de audio e/ou vídeo adaptados ao seu nivel.
- Láminas de instrumentos.
- Métodos de iniciación.
- Partituras de cancións populares.

FORMACIÓN BÁSICA 2 (BA2)

Obxectivos

- Coñecer as posibilidades e características sonoras do instrumento e saber utilizalas dentro do seu nivel.
- Saber analizar os elementos substanciais dunha partitura para poder comprendela e interpretala correctamente.
- Formación da sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Coñecer as principais épocas que abarca a literatura pianística ao longo da súa historia.
- Fomentar a capacidade de lectura a primeira vista.
- Desenvolver a utilización da dinámica e a agóxica.
- Consolidar a posición adecuada do corpo con respecto ao instrumento.
- Insistir na relajación adecuada en cada unha das articulacións que utiliza.
- Interpretar un repertorio de obras que abarquen as dificultades técnicas expostas no curso.
- Fomentar a creatividade musical.
- Consolidar o hábito de práctica regular en casa.

Contidos

- Técnicas de estudo, disciplina, concentración e autocrítica.
- As escalas maiores de Do, Sol, Re e Fa na extensión de dúas oitavas.
- Arpegios repartidos nas dúas mans.
- Técnica dixital, encamiñada a conseguir igualdade rítmica e dinámica.
- Posición fixa con baixos Alberti e posicións abertas.
- Traballo consciente da memoria.
- Os tons relativos e a tonalidade.
- Notas dobres e acordes: iniciación técnica.
- Acordes: cambios de posición.
- Coñecemento do pedal de prolongación.

Contidos musicais:

- Escalas maiores e recoñecemento auditivo das menores.
- Os acordes tonales.
- Os planos sonoros.
- O pulso: elemento fundamental para a interpretación equilibrada.
- Adornos: semitrino e apoyatura.
- Os estilos musicais.
- As formas musicais: roldó, variacións, minué e sonatina.
- Iniciación aos modos antigos.
- Estruturas musicais: forma bipartita e tripartita.
- Os géneros populares.
- Resolución técnica de adornos: apoyaturas e mordentes.
- Dinámica e agónica.
- Diferenciación auditiva de distintos géneros musicais: orquestra, solistas.
- Armadura e iniciación ao transporte.

Repertorio orientativo:

Estudos

- Kohler, Louis H.: op. 151,
- Lemoine, Henri: op. 37
- Czerny, Carl: op. 599
- Czerny, Carl: op. 777
- Burgmüller, Friedrich: op. 100
- Shitte, os estudos non 50 e 51.

Obras

- Unha obra de J. S. Bach. Do Album de Ana Magdalena (Ed. Boileau).
- Unha obra do álbum "Pezas infantís" de Mozart.
- Unha sonatina completa a elixir entre:
- Clementi, Muzio: op. 36, non
- Steibelt, Daniel: sonatina en do maior.
- Beethoven Ludwig van: Sonatinas
- Bastien, James: "Introducción á sonata"
- Unha obra romántica a elixir entre:
- Schumann, Robert: Album da mocidade, op. 68,
- Schubert, Franz: Danzas para piano
- Tchaikowsky Piotr Ilich: Album para a mocidade, op. 39
- Brahms, Johannes: Valses para piano, op. 38
- Unha obra para elixir entre:
- Bartók, Béla: "Für Zinder", vol I
- Bartók, Béla: Microcosmos, vol II.
- Casella, Alfredo: "11 pezas infantís", op. 65

- Kabalewsky, Dmitri: "Pezas infantís", op. 39
- Mompou, Frederic: " Música calada", tomo I
- Rodrigo, Joaquín: "O libro de Cecilia".

Recursos e materiais didácticos

- Lecturas infantís.
- Contos infantís.
- Discografía adaptada ao seu nivel.
- Láminas de instrumentos.
- Métodos para o traballo técnico: Kohler, Czerny, Lemoine, Burgmüller, Shitte.
- Métodos para o inicio do coñecemento dos diferentes períodos musicais:
- Barroco: Album de Ana Magdalena de J.S. Bach.
- Clasicismo: Sonatinas de Clementi, Steibelt, Beethoven, Bastien.
- Romanticismo: pezas de Schumann, Schubert, Tchaikowski e Brahms.
- Século XX: pezas de Bartók, Casella, Kavalewsky, Mompou e Rodrigo.
- Partituras de cancións populares.
- Equipos de reprodución audio-vídeo
- Partituras a "catro mans".

NIVEL INTERMEDIO 1 (IN1)

Obxetivos

- Coñecer as posibilidades e características sonoras do instrumento e saber utilizalas dentro do seu nivel.
- Coñecer as diferentes épocas que abarca a literatura pianística ao longo da súa historia e as esixencias que expón unha interpretación estilísticamente correcta.
- Interpretar un repertorio de obras representativas das diferentes épocas e estilos dunha dificultade adecuada ao nivel de 3º.
- Fomentar a creatividade musical.
- Motivar a práctica musical en grupo e o hábito de escoitar outras voces e instrumentos e adaptarse armónicamente ao conxunto.
- Fomentar a capacidade de lectura a primeira vista.
- Desenvolver a utilización da dinámica e a agógica.
- Desenvolver a sensibilidade auditiva para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Interpretar un repertorio de obras que abarquen as dificultades técnicas consideradas como contidos do curso.
- Consolidar a posición adecuada do corpo con respecto ao instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-mano sobre o teclado.
- Automatizar os movementos e as sensacións musculares precisas para a execución pianística.
- Insistir na relaxación adecuada en cada unha das articulacións que utiliza.

- Iniciar ao alumno na organización do seu estudo individual.

Contidos

- Uso do peso do brazo en caídas e desprazamentos laterais.
- Utilización do peso da man.
- Técnica dixital encamiñada a conseguir independencia, resistencia e capacidade de diversificación dinámica.
- Técnica das notas dobres.
- O acorde como elemento melódico-armónico.
- O son picado e o son stacatto.
- Técnica das notas repetidas.
- Traballo consciente da memoria.
- Escalas maiores e menores
- Arpegios das escalas correspondentes en estado fundamental.
- Técnicas de estudo: disciplina, concentración e autocrítica.
- A digitación pianística.
- Técnica dixital encamiñada á diversificación dinámica.
- Resolución técnica dos cambios de tesituras nas melodías.
- O legato na gradación dinámica.
- O non legato atendendo ao seu precisión rítmica.
- O pedal de prolongación como reforzo do legato.
- Resolución técnica dos ornamentos.
- Escalas maiores e menores (natural e armónica) ata tres alteracións.
- Arpegios correspondentes en estado fundamental.
- Aspectos musicais
- O fraseo como recurso expresivo: variacións dinámicas e agónicas.
- A polifonía a dúas voces.
- Diferenciación dinámica das notas dobres.
- O pulso: elemento fundamental para a interpretación equilibrada.
- Os acordes tonales.
- O transporte.
- Evolución histórica da literatura pianística.
- Estruturas formais.
- Acordes modais.
- Análise armónico de obras.
- A escala menor: natural e armónica

Repertorio orientativo

Obras didácticas:

- Estudos Op. 100, Burgmuller.
- Estudos Op. 849, Czerny.
- Estudos Op.100, Bertini.

- Estudos Op. 37, Lemoine.

Obras barrocas:

- Pequenos preludos, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatinas de Beethoven, Diabelli, Clementi, etc.

Obras Románticas:

- Álbum de nenos, Tchaikowsky.

- Álbum da mocidade, Schumann

- Valses, Schubert.

Obras modernas:

- Pezas infantís; Shostakovich.

- Pezas infantís, Prokofiev.

- Pezas infantís, Casella.

- 5 dedos, Stravinsky.

Recursos e materiais didácticos

- Lecturas infantís.

- Cuentos infantís.

- Discografía adaptada o seu nivel.

- Láminas de instrumentos.

- Métodos para o traballo técnico:

- Czerny, op. 636, Lemoine, op. 37, Heller, op. 45 e op. 46, Burgmuller, op. 100.

- Métodos para o inicio do coñecemento dos diferentes periodos musicais:

- Barroco: Album de Ana Magdalena y Pequeños preludios e fugas de J.S. Bach.

- Clasicismo: Sonatinas de Beethoven, Dussek, Diabelli, Mozart Kuhlau.

- Romanticismo: pezas de Schumann, Tchaikowski, Grieg e Brahms.

- Siglo XX: piezas de Bartok, Casella, Kavalewsky, Prokofiev e Guridi.

- Partituras de cancións populares.

- Equipos de reprodución audio-video

- Partituras a "catro mans".

NIVEL INTERMEDIO 2 (IN2)

Obxectivos

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

- Coñecer e valorar a importancia da respiración e o dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental.

- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación musical.
- Interpretar en público, con seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos.
- Ser consciente do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e a do galego en particular, como medio no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.
- Recoñecer o significado de todos os signos que aparecen na partitura.
- Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, concentración, regularidade no estudo.
- Controlar o pedal de resonancia e o pedal unha corda.
- Lograr maior independencia de mans.
- Practicar escalas en tres oitavas. Diferentes ataques e dinámicas.
- Practicar arpechios en tres oitavas. Diferentes ataques e dinámicas.
- Percibir internamente a propia relaxación.
- Diferenciar estilos musicais.
- Continuar desenvolvendo a memoria.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Recoñecemento do significado de todos os signos que aparecen na partitura.
- Control do pedal de resonancia e do pedal unha corda.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:
- Igualdade e independencia de dedos.
- Coordinación entre ambas as mans.
- Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpechios.
- Técnica das notas dobres e xogo polifónico.
- Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.
- Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.
- Práctica de escalas en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.
- Práctica de arpechios en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.
- Percepción internamente a propia relaxación.

- Diferenciación de estilos musicais.
- Continuar desenvolvendo a memoria.
- Participar en audicións públicas.

Repertorio orientativo

Obras didácticas:

- Estudos Op.849, Czerny.
- Estudos Op. 636, Czerny.

Obras barrocas:

- Invencións a dúas voces, Bach.
- Pequenas fugas BWV 952, 953, 961, Bach.
- Preludos con fuguetta BWV. 902, 902a, 899, 900, 895, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatinas de Diabelli, Clementi, Dussek, Mozart, Beethoven...
- Sonatas, Haydn.
- Valses, Beethoven.

Obras románticas:

- Álbum da mocidade, Schumann.
- Romanzas sen palabras, Mendelssohn.
- Valses, Brahms.
- Pezas líricas, Grieg.

Obras modernas:

- Penseés Líriques Op. 40, Sibelius.
- 8 apuntes. Guridi.
- Danzas españolas. Granados.
- Follas de álbum, Albéniz.

NIVEL AVANZADO 1

Obxectivos

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical. - Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación. - Cultivar a improvisación e a transposición.

- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas allinguaxes musicais.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa. Obxectivos do curso
- Desenvolver os ataques en legato, picado e portato.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Práctica e coñecemento das escalas e arpexios.
- Diferentes ataques, dinámicas e acentuacións.
- Utilizar o peso do brazo.
- Constatar a importancia da calidade do son.
- Continuar o adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Iniciar a práctica de audicións críticas.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso: Igualdade e independencia de dedos.
- Coordinación entre ambas as mans.
- Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios.
- Técnica das notas dobres e xogo polifónico.
- Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.

Articulacións, fraseo, control dinámico , elementos básicos do estilo etc.

- Práctica de escalas en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.
- Práctica de arpexios en tres oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades.
- Desenvolvo dos ataques legato, picado e portato.
- Utilización do peso do brazo.
- Constatación da importancia da calidade do son.
- Continuación do adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Iniciación da práctica de audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas

- Estudos Op.849, Czerny.
- Estudos Op.91, Moszkowsky.

Obras barrocas:

- Invencións a dúas voces, Bach

Obras clásicas:

- Sonatas, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas.

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 2

Obxectivos

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición.
- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa. Obxectivos do curso
- Desenvolver os ataques en stacatto e martellatto.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Incrementar a utilización do peso do brazo.
- Mellorar a calidade do son
- Continuar o estudo dos pedais nos diferentes estilos.
- Continuar o adestramento da memoria.
- Continuar a práctica de audicións críticas.

- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:
- Igualdade e independencia de dedos.
- Coordinación entre ambas as mans.
- Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexios.
- Técnica das notas dobres e xogo polifónico.
- Técnica de extensión.
- Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes.
- Articulacións, fraseo, control dinámico , elementos básicos do estilo etc.
- Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpexos en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Desenvolvo os ataques en stacatto e martellatto. Legato e legatissimo.
- Incremento da utilización do peso do brazo.
- Melloría da calidade do son
- Continuación do estudo dos pedais nos diferentes estilos.
- Continuación do adestramento da memoria.
- Continuación da práctica de audicións críticas.
- Participar en audicións públicas.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudio, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas:

- Estudos Op. 849, 299,337, Czerny

Obras barrocas:

- Invencións a dúas voces ou tres voces, Bach

Obras clásicas:

- Sonatas y variaciones, Haydn, Mozart, Clementi, Beethoven...

Obras románticas:

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 3

Obxectivos

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición.
- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa. Obxectivos do curso
- Perfeccionar os ataques en stacatto e martelatto.
- Desenvolver hábitos de estudo correctos. Regularidade no traballo. Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Perfeccionar os estudos dos pedais en todos os períodos. Escoita consciente.
- Incrementar o adestramento da memoria.
- Profundar nas audicións críticas.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:
- Igualdade e independencia de dedos.
- Coordinación entre ambas as mans.
- Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexos.
- Técnica das notas dobres e xogo polifónico.
- Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes. Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.
- Práctica de escalas en catro oitavas.
- Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores.

- Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpejos. en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Perfeccionamento dos ataques en stacatto e martellatto. Legato e legatissimo.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.
- Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos. Incremento do adestramento da memoria.
- Profundización das audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas:

- Estudos Op.337 e 740, Czerny.
- Gradus ad Parnassum, Clementi

Obras barrocas:

- Clave ben temperado, Bach.

Obras clavecinísticas:

- Sonatas, Soler.
- Sonatas, Scarlatti.

Obras clásicas:

- Sonatas e Variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas.

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, etc.

NIVEL AVANZADO 4

Obxectivos

- Superar con dominio e capacidade crítica os contenidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais e as súas características.
- Utilizar o oído interno como base da afinación e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e características musicais de cada un.
- Compartir vivencias musicais de grupos na aula e fora dela.

- Valorar o corpo e a mente para utilizar a técnica e concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento.
- Adquirir e aplicar os reflexos necesarios para resolver eventualidades na interpretación. - Cultivar a improvisación e a transposición.
- Interpretar individualmente ou en grupo obras escritas en todas as linguaxes musicais.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

Contidos

- Incrementar o adestramento da memoria.
- Profundar nas audicións críticas.
- Tocar en público.
- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Dominio das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso:
- Igualdade e independencia de dedos.
- Coordinación entre ambas as mans.
- Pasaxes con paso de pulgar: escalas e arpexos.
- Técnica das notas dobres e xogo polifónico.
- Técnica de extensión. Uso da muñeca, antebrazo e brazo: execución de acordes. Articulacións, fraseo, control dinámico, elementos básicos do estilo etc.
- Práctica de escalas en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Práctica de arpexos. en catro oitavas. Coñecemento e progresivo dominio de todas as tonalidades, maiores e menores. Diferentes articulacións, ataques, dinámicas.
- Perfeccionamento de todos os tipos de ataques.
- Perfeccionamento dos estudos dos pedais en todos os períodos.
- Adquisición progresiva de hábitos correctos de estudo, desenrolo da autocrítica, autonomía no estudo e control auditivo.
- Consolidación dun nivel de madurez técnico e musical que permita abordar estudos de grao superior.
- Incremento do adestramento da memoria.
- Profundización das audicións críticas.
- Participación en audicións públicas.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientativa do nivel esixido. Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

Obras didácticas:

- Estudos de virtuosismo e estudos para a man esquerda, Moszkowsky.
- Estudos sobre Paganini, Schumann.
- Estudos Op.740 e 365, Czerny.
- Estudos, Casella.
- Estudos, Chopin
- Gradus ad Parnassum, Clementi.
- Estudos, Scriabin.

Obras barrocas:

- Clave ben temperado, ou Suites, Bach.
- Suites, Haendel.

Obras clásicas:

- Sonatas e variacións, Haydn, Mozart, Beethoven.

Obras románticas:

- Obras de Schubert, Chopin, Schumann, Liszt, etc.

Obras modernas:

- Obras de Debussy, Ravel, Albéniz, Falla, Groba, Bartok etc.

6.- AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

Ao final do curso, entregarase un informe escrito aos pais ou representantes legais, no que se detallarán as competencias adquiridas e se fará unha recomendación para a promoción ao seguinte nivel. O alumnado terá a posibilidade de realizar probas para o cambio de nivel en calquera momento do ano, segundo o seu progreso e avaliacións.

Procedementos de avaliación

A avaliación continua implica a revisión constante do progreso do alumnado mediante as titorías trimestrais. Estas titorías permitirán identificar fortalezas e áreas de mellora, e adaptarán a metodoloxía de acordo coas necesidades do alumno/a.

Criterios actitudinais.

- a) Constatar que o alumno é capaz de manter unha boa concentración durante o estudio e a interpretación.
- b) Conseguir, na medida do posible, que o alumno saiba o que está intentando transmitir coa súa interpretación.
- c) O alumno debe autoerixirse coas clases, no seu rendemento, no seu traballo e na súa formación persoal e musical. Debe reclamar do profesor todo o que estime oportuno para o seu enriquecemento tanto musical como persoal.

- d) O alumno será honesto co profesor e consigo mesmo, e isto é recíproco, como vía para desenrolar unha relación persoal satisfactoria.
- e) Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo.
- f) Participar con interese e ilusión dentro do grupo, aportando ideas.
- g) Sensibilidade ante a música de diferentes estilos, épocas e autores.
- h) Interese e desexo por expresar as propias ideas e sentimentos mediante a interpretación musical.
- i) Adquirir normas de responsabilidade no coidado dos instrumentos, pois son un ben común.
- j) Descubrir o pracer de tocar en público como forma de realización persoal do músico.
- k) Interese no coñecemento de tódolos instrumentos de percusión.
- l) Entender a importancia de ser constante e organizado no estudio para conseguir resultados óptimos.

7.- CONXUNTOS

- Tocar en grupo sen director, con precisión rítmica e coñecemento global da obra.
- Desenrolar unha capacidade auditiva que valore por igual, en toda a gama de instrumentos, a esixencia da calidade sonora.
- Ter a disposición e formación necesaria para saber integrarse individualmente nun grupo como un membro máis do mesmo ou para actuar como responsable do conxunto.
- Valorar a práctica do grupo de percusión como un proceso de aprendizaxe imprescindible para o futuro exercicio profesional.
- Ler a primeira vista obras do nivel que permita a montaxe de obras.
- Respetar as normas que esixe toda actuación en grupo: afinación previa, atención continua, valoración do traballo en equipo, respecto polas decisións do director, etc.
- Desenrolar o ritmo como base para un traballo de conxunto.
- Familiarizarse coa xestualidade básica do director.
- Desenrolar a escoita como medio indispensable da práctica de conxunto.
- Aprender a tocar sen ter a vista fixa na partitura.
- Facer da práctica da música en grupo unha actividade habitual, organizada, grata e totalmente integrada no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Comprender e interpretar os elementos básicos da expresión musical a través do traballo en grupo.
- Valorar o son de conxunto como resultante dunha coparticipación de individualidades.
- Discriminar e abstraer os elementos comúns e diferenciados na execución técnica de cada un dos membros do grupo en beneficio do conxunto.
- Coñecer un repertorio básico de conxunto que estimule o interese polo propio instrumento e pola dinámica deste traballo.

- Desenvolar a audición polifónica para unha xusta valoración da escoita e da interpretación simultaneamente.
- Afianzar a técnica individual dende o propio traballo en grupo.
- Valorar as normas que rexen a actividade de conxunto e adquirir esa responsabilidade que conleva o traballo instrumental de grupo.

8.- ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

Ó longo do curso contemplaranse distintas actividades complementarias para dinamizar, motivar e implicar ó alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno, é dicir, para completar a formación regrada que se imparte na aula de piano..

As principais actividades que se levarán a cabo de xeito continuado serán as audicións de alumnos.

Ademáis das anteriores actividades tamén se organizarán na medida do posible as seguintes:

- Conxuntos instrumentais.
- Proxeccións de documentais e concertos.
- Asistencia á biblioteca para realizar traballos.
- Intercambios con outros centros (conservatorios, escolas de música, academias, agrupacións, etc...)
- Organización de agrupacións instrumentais entre alumnos.
- Asistencia a concertos en vivo.
- Talleres con outros profesores.

Actividades conxuntas con outros departamentos

Pretendese realizar durante este curso académico un concerto ó rematar o curso antes das vacacións estivais. Neste concerto participarían tódolos departamentos conxuntamente.

Outra actividade planteada é realizar audicións onde participen todas as especialidades conxuntamente, distribuídas por cursos ou ciclos ó longo dunha semana.

Actividades complementarias e extraescolares

Tódalas actividades complementarias e extraescolares terán que someterse ás normas do Regulamento de Réxime Interno do centro. Son as recollidas nos apartados anteriores máis as seguintes:

Audicións

Realizaranse dúas ou tres durante o curso, coincidindo coas semanas de avaliacións.

As audicións serán na propia aula ou no teatro, necesitándoo dende varias horas antes para a preparación e montaxe da audición e respetarase o que dicte a normativa referente a audicións.

Actividades Extraescolares

A ESMU organizará actividades extraescolares relacionadas coa práctica musical, como asistencia a concertos, ensaios de grupos profesionais, ou visitas culturais, co obxectivo de complementar a formación do alumnado.